

Persoal delegado da CIG-Ensino concéntrase para exixir ao Conselleiro de Educación que asuma a urxencia da aprobación do plan de igualdade e protocolo de acoso para o profesorado

Desde o sindicato criticase a falta de respecto de Román Rodríguez cara as docentes, ao negar durante anos un dereito laboral básico como é dispoñer dun protocolo de prevención e detección de posibles situacións de acoso que se poidan producir nos centros.

En declaracións aos medios de comunicación, Maruxa Martínez, responsábel da secretaría das mulleres e igualdade da CIG-Ensino, insistiu en que a Consellaría «incumpre reiteradamente a normativa en materia de igualdade». A pesar de que hai máis dunha década que debera de estar aprobado o plan e protocolo de acoso «este segue a ser un tema residual na axenda da administración educativa, sendo o profesorado o único persoal da administración da Xunta que carece destas ferramentas».

Foi a presión que exerceu nos últimos anos o sindicato maioritario, a que provocou que se constituíra a comisión de negociación hai ano e medio, pero a realidade é que a maior parte do tempo desde entón foi «de parálise absoluta pola ausencia de convocatoria de reunións por parte da Consellaría».

No ensino público, onde as mulleres representamos o 72% do persoal, «sufrimos un empeoramento constante das condicións de traballo, que nos levou a un curso de loita como non viviamos en décadas, con 5 xornadas de folga e outras que virán se a Consellaría non rectifica!».

O aumento da carga laboral, os recortes acumulados e a falta de recursos dificultan cada vez máis a atención á diversidade do alumnado e «deterioran o noso labor educativo e a nosa saúde».



Carta da campaña «Respéctame», da ilustradora Saila Chao, representa a dignidade dunha profesora ante a aula e fronte á imposición de quen cuestionan a súa profesionalidade, perpetúan as desigualdades a todos os niveis, imponen censuras ideolóxicas e as desprotexen fronte a posibles situacións de acoso no traballo.



A esta situación súmase unha perda de poder adquisitivo do 20% que arrastramos desde 2010, con salarios insuficientemente actualizados, pagas extras recortadas e a situación especialmente precaria do profesorado substituto, un colectivo aínda máis feminizado ca media.

As desigualdades tamén se agravan polo peso dos cuidados, que continúan recaendo maioritariamente nas mulleres. «A inmensa maioría das excedencias, reducións, limitacións de zona para traballar e renuncias son solicitadas polas docentes, decisións que afectan directamente ás carreiras profesionais, ás cotizacións e ás futuras pensións».

Por iso exiximos do Conselleiro de Educación «respecto ás súas traballadoras e a posta en marcha inmediata dun plan de igualdade para o profesorado e a existencia dun protocolo contra o acoso que ofrezga garantías ás docentes fronte a situacións de desamparo, cada vez máis frecuentes nos centros de ensino».

Logo das preguntas reiteradas sobre esta cuestión nas distintas mesas sectoriais que tiveron lugar este curso e como consecuencia de que o pasado

domingo 8 de marzo, a federación do ensino asistira á manifestación nacional de mulleres convocada pola confederación denunciando esta situación, a administración reaccionou por fin. «No día de onte recibimos convocatoria para unha reunión que terá lugar nas vindeiras semanas, a segunda deste curso, mais temos que alertar da falta de documentación sobre o protocolo de acoso». Existía un compromiso

«A inmensa maioría das excedencias, reducións, limitacións de zona para traballar e renuncias son solicitadas polas docentes, decisións que afectan directamente ás carreiras profesionais, ás cotizacións e ás futuras pensións»

de que sería enviado un borrador e cinco meses despois atopámonos ante un incumprimento máis. Por iso estamos aquí, para trasladarlle en primeira persoa ao Conselleiro «que non asumimos a nosa situación e que loitamos polos nosos dereitos, tamén o dereito á igualdade real e a saúde e seguridade no posto de traballo».

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal